

Expte: 2202-232  
Relitas: 11-12-2023



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
ECONOMÍA, INDUSTRIA  
E INNOVACIÓN

Sr. Alcalde Presidente do  
Concello de Vigo

## LEVANTAMENTO DE ACTAS PREVIAS Á OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS EXPROPIADOS POLA EXECUCIÓN DO PROXECTO LMTS SDM711 E INSTALACIÓN RC"

De acordo co establecido no artigo 52.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa, achégolle o edicto polo que se convocan aos afectados pola execución da instalación eléctrica denominada LMTS SDM711 e instalación RC, para o levantamento das ACTAS PREVIAS Á OCUPACIÓN o día **22 de marzo de 2024**, a partir das **12 horas** sobre o terreo.

O edicto deberá ser exposto ao público no taboleiro oficial de anuncios dese concello durante un prazo de oito días, debendo certificarse as datas de comezo e remate da exposición ao público, e achegar as alegacións que se produzan a este servizo territorial de Vigo.

Segundo o disposto nos artigos 52 da Lei de expropiación forzosa e 57 do regulamento de 26 de abril de 1957, as actas previas á ocupación levantarase sobre o terreo, e deberá concorrer vostede como alcalde ou un concelleiro en quen delegue mediante o correspondente decreto. Posteriormente redactarase a acta definitiva na sala da casa do concello que vostede dispoña.

A xefa territorial  
Beatriz López del Olmo  
(Asinado en Vigo por sinatura dixital certificada na data que se indica na marxe)

Asinado por: LÓPEZ DEL OLMO, BEATRIZ  
Cargo: Xefa Territorial  
Data e hora: 23/11/2023 11:04:33

CVE: 0zZ1stXisv1  
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA  
Servizo de Coordinación Industrial  
Praza da Estrela s/n  
36201 Vigo



Resolución da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación dos bens e dereitos afectados pola instalación eléctrica denominada LMTS SDM711 e instalación RC, no concello de Vigo, do que resulta como beneficiaria a empresa UFD Distribución Electricidad, S.A., (expediente IN407A 2023/087-4).

A instalación denominada LMTS SDM711 e instalación RC foi declarada de utilidade pública mediante resolución da Xefatura Territorial de Pontevedra do 27 de outubro de 2023, o que leva implícita a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados, tendo a condición de beneficiaria a empresa UFD Distribución Electricidad, S.A..

Segundo o disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e no art. 56.1 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, comunícase que o día **22 de marzo de 2024**, a partir das **12 horas**, terá lugar sobre o terreo o levantamento das ACTAS PREVIAS Á OCUPACIÓN dos bens e dereitos contidos na relación de predios que se expón xunto con esta resolución e no taboleiro de edictos do concello de Vigo.

Os interesados recibirán unha notificación individual coa debida antelación legal, na que se lle comunicará a data e a hora na que deberán presentarse nas súas fincas, informándolles de que poderán ir acompañados por un perito ou un notario, pola súa conta, se así o consideran conveniente.

A xefa territorial

Beatriz López del Olmo

(Asinado en Vigo por sinatura dixital certificada na data que se indica na marxe)

Asinado por: LÓPEZ DEL OLMO, BEATRIZ  
Cargo: Xefa Territorial  
Data e hora: 23/11/2023 11:04:33

LMTS SDM711 e instalación de RC

Nº	Referencia catastral	Paraxe	Titular	Nº apoio	m2 Solo	ml servidume de paso aérea	m2 servidume de paso aérea	ml sub	m2 subsolo
1	54057A042002770000AL	Regueira	Purificación Barciela del Río	1	1,44			6.49	18.76
2	54057A042002750000AQ	Regueira	Jesús Simón Cameselle			14.78	60.02		

**DILIGENCIA:** Para hacer constar que el presente edicto estuvo expuesto en el Tablón oficial de anuncios de este Ayuntamiento, durante el plazo reglamentario.

Vigo, 11-12-2023  
El Secretario General  
P.A.

El Jefe del Registro General.  
Jose Manuel González Ucha

